

# COMISIÓN PERMANENTE

## Sesión do 3 de decembro de 2009

No Decanato da Facultade de Historia de Ourense reúnen os membros da Comisión Permanente, o xoves, día 3 de decembro de 2009, ás 13 horas, en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte orde do día:

### Orde do día:

- 1. Recoñecemento de créditos entre ciclos formativos de grao superior na Formación Profesional e materias dos planos de estudo de Grao.**
- 2. Formación de Tribunal para Premios Extraordinarios**

#### **1. Recoñecemento de créditos entre ciclos formativos de grao superior na Formación Profesional e materias dos planos de estudo de Grao.**

Visto o documento en relación ao recoñecemento de créditos entre ciclos formativos de grao superior da formación profesional e materias de estudos universitarios de grao, a Comisión resolveu convalidar os seguintes Ciclos por 6 créditos de Prácticas Externas e 24 créditos de Materias Optativas, a elixir polo alumno, no Grao en Xeografía e Historia:

- Xestión e organización de empresas agropecuarias.
- Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos
- Deseño e produción editorial
- Produción en industrias de artes gráficas
- Realización de audiovisuais e espectáculos
- Produción de audiovisuais e espectáculos
- Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas
- Axencias de viaxes
- Información e comercialización turísticas
- Animación turística
- Documentación sanitaria
- Animación sociocultural

#### **2. Formación de Tribunal para Premios Extraordinarios**

O Tribunal para Premios Extraordinarios queda configurado polos seguintes membros: D<sup>a</sup> Milagros Cavada Nieto, Decana da Facultade de Historia, e Profesores Titulares, Jesús de Juana López e Antonio García Masegosa.

Dito Tribunal acordou outorgar o Premio Extraordinario Fin de Carreira a Maiquel Vázquez Carnero, Licenciado en Historia.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión, e de todo isto dou fe como Secretaria.

A DECANA

M<sup>a</sup> Milagros Cavada Nieto

A SECRETARIA

M<sup>a</sup> Yolanda Barriocanal López

ASISTENCIAS	AUSENCIAS XUSTIFICADAS
BARRIOCANAL LOPEZ, Yolanda	DOMINGUEZ PEREIRA, M <sup>a</sup> Dolores
CAVADA NIETO, Milagros	
CAMPOS ALVAREZ, J. Ramón	
FERNANDEZ QUINTAS, Aranzazu	
GARCIA MASEGOSA, Antonio	
UÑA ALVAREZ, Elena de	
JUANA LÓPEZ, Jesús de	